

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ
E DESENVOLVEMENTO
LOCAL**

CONCELLERÍA DE CULTURA,
EMPREGO E PARTICIPACIÓN
CIDADÁ

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE.: 62/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2020 DA CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

INFORME

A petición do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, emítese o seguinte informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas polo **Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local**, dependente da **Concellería delegada de Cultura, Emprego e Participación Cidadá** (RA da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019) para a súa inclusión no orzamento do ano 2020:

- DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:

I. Subvencións nominativas para fomento de emprego con motivo da organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, como Desenvolvemento promocional de eventos xeradores de emprego e de Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local):

Esta subvención nominativa outórganse por mor da repercusión que cara ao fomento do emprego representa a organización destes eventos, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

- FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SEA FEST), con cargo á partida orzamentaria 24104700002, por importe de 150.000 €: Subvención nominativa á Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (F36608131), en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival "VIGO SEAFEST", para dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles, ao tempo que representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional.

II. Subvencións nominativas para fomento de emprego a través das organizacións sindicais (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, como Fomento e Desenvolvemento da Actividade de Representación Social e Sindical):

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, impulsadas pola Concellería polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais máis significativas e coa máis alta representación a nivel municipal, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade:

1º.- CONVENIO UGT (G15383011) FOMENTO DO EMPREGO, con cargo á partida orzamentaria 24104800001, por importe de 37.000 €.

2º.- CONVENIO CIG (G36706927) FOMENTO DO EMPREGO, con cargo á partida orzamentaria 24104800002, por importe de 37.000 €.

3º.- CONVENIO CC.OO (G15103112) FOMENTO DO EMPREGO, con cargo á partida orzamentaria 24104800003, por importe de 37.000 €.

III. Subvencións para fomento de emprego dos colectivos prioritarios: mulleres vítimas de violencia, xente moza e persoas en risco de exclusión social (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dentro dos *Plans de Emprego*):

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, especialmente dirixidas aos colectivos prioritarios, impulsadas pola



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:50

Páxina 1 de 3

Expediente 62/142

CSV: 2HE9CE-D351EA-E5315B-4EKHM5-A41NJA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ
E DESENVOLVEMENTO
LOCAL**

CONCELLERÍA DE CULTURA,
EMPREGO E PARTICIPACIÓN
CIDADÁ

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE.: 62/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2020 DA CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Concellería, polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades e asociacións máis significativas no seu ámbito, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade.

1º- CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS (G36928646), con cargo á partida orzamentaria 24104800007, por importe de 50.000 €:

O convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención nominativa á "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos" no marco do plan municipal de emprego, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral e fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Dada a falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio destas mulleres na cidade, outórgase a presente subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" como única entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, e polo seu especial coñecemento da situación destas mulleres na cidade de Vigo.

- PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

As seguintes subvencións encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para Promoción das actividades realizadas polo Movemento Asociativo Veciñal:

- CONVENIO FED. PEÑAS RECR. EL OLIVO (G36704666), con cargo á partida 9240 4890001, por importe de 15.000,00 €, para fomento do asociacionismo e a participación cidadá subvencionando os gastos necesarios para organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación.

- CONVENIO ASOC. XORDOS (G36622835), con cargo á partida 9240 4800009, por importe de 7.000,00 €, para subvencionar os gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, que se consideran de interese público e social.

- CONVENIO ASOCIACIÓN MONTE DA MINA (G36623593) con cargo á partida 9240 4890008, por importe de 17.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

- CONVENIO ASOCIACIÓN AGARIMO (G36821817), con cargo á partida 9240 4800006, por importe de 13.000,00 €, para financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola asociación.

- CONVENIO FUNDACIÓN IGUALARTE (G36427524) con cargo á partida 9240 4890012, por importe de 10.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento do seu local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades socieducativas e lúdico-formativas dirixidas a potenciar o benestar das persoas con discapacidades e necesidades educativas especiais programadas pola entidade.

- ASOC. GALEGA AMIGOS DEL ROCÍO (G36820637) con cargo á partida 9240 4800001 por importe de 5.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

- ASOCIACIÓN NENOS HIPERACTIVOS ANHIDA (G36938272) con cargo á partida 9240 4800002, por importe de 4.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:50

Páxina 2 de 3

Expediente 62/142

CSV: 2HE9CE-D351EA-E5315B-4EKHM5-A41NJA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ
E DESENVOLVEMENTO
LOCAL**

CONCELLERÍA DE CULTURA,
EMPREGO E PARTICIPACIÓN
CIDADÁ

**CONCELLO
DE VIGO**



EXpte.: 62/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2020 DA CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- ASOCIACIÓN JÓVENES EMPRESARIOS (AJE) (G36905040) con cargo á partida orzamentaria 9240 4800003 por importe de 3.600 €, para fomento das súas actividades programadas mediante contribuíndo aos gastos de aluguer do seu local social, necesarios para o desenvolvemento daquelas.
- CONVENIO FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA - FEAFES (G15545353), con cargo á partida 9240 4800007 por importe de 5.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola asociación.
- CONVENIO ASOCIACIÓN MARIÑEIROUS ARTESANAIS (G36799351), con cargo á partida orzamentaria 9240 4890013 por importe de 16.000 €, para fomento do asociacionismo e a participación cidadá subvencionando os gastos necesarios para a organización, promoción e execución das actividades programadas pola asociación de cara ao fomento da cultura mariñeira e a conservación do patrimonio cultural e tradicional.
- CONVENIO ASOCIACIÓN DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS VILLA GALICIA (G36745065), con cargo á partida orzamentaria 9240 4890014 por importe de 4.000 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

Vigo, na data da sinatura dixital

A técnica de administración xeral
Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
Carla Candia Paz

Vigo, na data da sinatura dixital

O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
Abel Losada Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/12/2019 11:50

Páxina 3 de 3

Expediente 62/142

CSV: 2HE9CE-D351EA-E5315B-4EKHM5-A41NJA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>